

Google.es ofrecido en: [español](#) [català](#) [euskara](#)

S1. Facer buscas na internet

Sesión 1 de Formación na información

APRENDE A FACER E PRESENTAR OS TEUS TRABALLOS

NESTA SESIÓN

Que é un buscador?

Un buscador é unha páxina de internet que permite realizar buscas na rede. A súa forma de utilización é moi sinxela, basta con introducir unha ou mais palabras clave nunha casilla e o buscador xerará unha lista de páxinas web que gardan relación co tema solicitado.

Existen diferentes tipos de buscadores, que se clasifican segundo as súas características e os métodos de busca que empregan: directorios temáticos, motores de busca (search engines) e metabuscadores.

Directorios temáticos

Son convenientes para buscar información xeral, dun tema en concreto ou institucional:


- ➔ Están organizados por categorías de temas, con índices.
- ➔ Relacionan as buscas por tema.
- ➔ Son construídos por persoas que se encargan de crear as categorías para organizar a información.

Algúns exemplos de directorios temáticos son:

- ➔ Directorios de viaxes e turismo.



- ➔ Directorio de empresas e negocios ex. www.hotfrog.es



- ➔ Directorio de librerías e libros ex. www.lasonet.com



Que acadaremos?

Aprenderemos dun xeito rápido e eficaz a mellorar o noso sistema de busca na rede, empregando distintos buscadores e trucos que garantan uns resultados óptimos. Buscaremos información fiable, imaxes de calidade e con licencias CC...



De que falaremos?

Falaremos de directorios temáticos, motores de busca (search engines) e metabuscadores. Achegaremos trucos para sacarlle partido ás buscas en Google e acadar resultados máis fiables e axeitados evitando perderse na marea de información que temos actualmente na rede.

Motores de busca (search engines)

Son unha ferramenta que permite localizar os documentos que conteñen certas palabras claves ou frases:

- ➔ Relacionan as **palabras clave** solicitadas coa información existente na súa base de datos.
- ➔ Os buscadores automáticos empregan programas coñecidos como "robots" ou "spiders", que pasan dunha páxina Web a outra recollendo datos e almacenando toda a información nunha xigantesca base de datos que contén, entre outros datos, o título da páxina, unha descrición, palabras clave e vínculos.

Alguns exemplos de motores de busca son:



- ➔ Non teñen bases de datos propias, senón que buscan automaticamente nas doutros buscadores.
- ➔ Recoméndanse para buscar información máis escasa, especializada, actualizada ou incluída en páxinas persoais.
- ➔ Non permiten utilizar as vantaxes que ofrecen as buscas avanzadas de calquera motor de busca.

Metabuscadores

- ➔ Buscan a información utilizando varios motores de busca ou directorios temáticos, de xeito simultáneo.

Alguns exemplos de metabuscadores:




Trucos para buscar información en Google

USAR MÁIS DE 3 PALABRAS

Cando alguén busca unha única palabra, o mais probable é que aparezan millóns de resultados. Como sabemos, Google non é perfecto, e os primeiros resultados non sempre serán útiles. Mentres máis palabras usemos, máis probabilidades teremos de atopar o que buscamos


BUSCAR UNHA FRASE EXACTA

Se queres buscar unha frase exacta, introdúcea entre comiñas (" "). Por exemplo: "Con cien cañones por banda"



ATOPAR PÁXINAS QUE INCLÚAN DETERMINADAS PALABRAS

Para atopar páxinas que inclúan determinadas palabras, pero non outras, deberemos incluír o signo '-' diante das que non queremos buscar. Por exemplo, para descubrir webs que inclúan a palabra 'tenda', pero non a palabra 'online': `tenda -online`



ATOPAR PÁXINAS QUE INCLÚAN UNHA DETERMINADA PALABRA OU OUTRA

Se pretendemos atopar unha determinada palabra ou outra, usaremos 'OR' en maiúsculas, (ou ben o símbolo '|' (AltGr+1)). Por exemplo, para buscar webs nas que apareza 'tenda' e 'zapatos', ou ben 'tenda' e 'pantalóns':

tenda (zapatos OR pantalóns)

tenda (zapatos | pantalóns)

O USO DO ASTERISCO OU COMODÍN (*)

Colocando un asterisco trala raíz dunha palabra indicará que se admiten todas as combinacións desa raíz con sufixos ou desinencias. Tamén pode servir coma un comodín entre dúas palabras. Por exemplo, se escribimos aguia*branca, dará aguia cabeza branca, aguia pluma branca e outras opcións. E se esquecemos como se titulaba un libro ou película, podemos poñer, por exemplo, As crónicas do *.

A screenshot of a Google search interface. The search bar contains the text "abl site:www.buenosaires.gov.ar". Below the search bar, there are navigation tabs for "Web", "Noticias", "Imágenes", "Maps", "Videos", "Más", and "Herramientas de búsqueda". The search results show approximately 6,030 results. The first result is titled "Trámites | Buenos Aires Ciudad - Gobierno de la Ciudad Autó..." and includes links to "Bs As Online", "Rentas", "Defensa al Consumidor", "Comunas", "ABL - Patente", and "ABL: Consulta e impresión de boletas". Other results include "Ahorrá tiempo, consultá e imprimi tus facturas on line | Noticia..." and "Compensación o devolución de ABL | Buenos Aires Ciudad ...".

A screenshot of a Google search interface. The search bar contains the text "tenda (zapatos OR pantalóns)". Below the search bar, there are navigation tabs for "Web", "Imágenes", "Shopping", "Videos", "Maps", "Más", and "Herramientas de búsqueda". The search results show approximately 6,000,000 results. The first result is titled "Ulanka :: Tienda de Zapatos ONLINE, Moda, Calzado - Zapa..." and includes the website "www.ulanka.com". Other results include "Nike Store. Zapatillas, ropa y accesorios de Nike." and "Salsa online | Jeans, ropa, zapatos y accesorios para mujer ...".

O COMANDO "SITE"

Utilízase seguido dunha dirección Web para que consulte a presenza dunha palabra en particular en páxinas só dese dominio: `abl site:www.buenosaires.gov.ar`

FORZAR PALABRAS PARA A SÚA BUSCA (+)

Hai numerosas palabras (en español: 'a', 'de', 'el', ...; en galego: "as", "do", "unha"...; en inglés: 'to', 'of', 'the',...) que Google non ten en conta nas súas buscas, a non ser que o indiquemos. Para iso, escribiremos o signo '+' diante destas palabras. Por exemplo, estas dúas buscas non xeran os mesmos resultados: o mundo e + o mundo

A screenshot of a Google search interface. The search bar contains the text "o mundo". Below the search bar, there are navigation tabs for "Web", "Imágenes", "Maps", "Videos", "Noticias", "Más", and "Herramientas de búsqueda". The search results show approximately 104,000,000 results. The first result is titled "Imágenes de o mundo" and includes a gallery of images showing the Earth. Other results include "Mundo | Jornal O Globo" and "GALICIA..MOSTRASE O MUNDO | Facebook".

A screenshot of a Google search interface. The search bar contains the text "+o mundo". Below the search bar, there are navigation tabs for "Web", "Imágenes", "Maps", "Videos", "Noticias", "Más", and "Herramientas de búsqueda". The search results show approximately 68,800 results. The first result is titled "Mundo | Jornal O Globo" and includes the website "oglobo.globo.com/mundo". Other results include "Videos - Entretenimento - O Mundo Segundo os Brasileiros" and "Rádio Jornal | 780 AM | Falando para o mundo".

MAIÚSCULAS E MINÚSCULAS

Non é necesario distinguir as maiúsculas das minúsculas. Estas dúas buscas xeran os mesmos resultados:

NoTiCiAs

noticias

RANGOS NUMÉRICOS

Imaxina que queres coñecer a vida de Rosalía de Castro entre os anos 1860 e 1880; o resto non che interesa ou xa o sabes de memoria. A busca debes realizala así: Rosalía de Castro 1860...1880.

Google Rosalía de Castro 1860...1880

Web Maps Imágenes Vídeos Libros Más Herramientas de búsqueda

Aproximadamente 109.000 resultados (1,09 segundos)

Imágenes de Rosalía de Castro 1860...1880
Informar sobre las imágenes

Más imágenes de Rosalía de Castro 1860...1880

Rosalía De Castro - Cantares Gallegos [150 Cabodano (186...
lapalabramasquita.blogspot.com/...rosalia-de-castro-cantares-gallegos-...
31/12/2013 - O programa de hoxe vai dedicado á obra de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro no seu 150 cabodano (dedicado a contralempo, case ...

Rosalía de Castro - Wikipedia, la enciclopedia libre
es.wikipedia.org/wiki/Rosalía_de_Castro
Es conveniente aclarar que en estos mismos años, es cuando se produjo el encuentro entre Rosalía de Castro y Gustavo Adolfo Bécquer. Desde 1871, Rosalía ...

[FLASH] Nació en Santiago de Compostela el 24 de Febrero e...
rosaliadecastro.org/webvella/vida/vida_esp.swf
Hija de María Teresa de la Cruz de Castro y Abadía

DEFINICIÓN DE PALABRAS

Se escribes define: antes da palabra que queres, os primeiros resultados de Google daranche a definición que buscas.

Google define: socialismo

Web Imágenes Libros Noticias Vídeos Más Herramientas de búsqueda

Aproximadamente 5.410.000 resultados (0,43 segundos)

socialismo
nombre masculino

1. Doctrina política y económica que propugna la propiedad y la administración de los medios de producción por parte de las clases trabajadoras con el fin de lograr una organización de la sociedad en la cual exista una igualdad política, social y económica de todas las personas.
"muchos artistas se adhieren a la causa del socialismo, asumiendo como propios los sufrimientos y las aspiraciones de las clases desposeídas"
2. Sistema político, económico y social basado en esta doctrina.
"creían en la posibilidad de una vía no violenta, constitucional y democrática para construir un sistema distinto que permitiese avanzar hacia el socialismo sin los traumas históricos de otras experiencias"

Socialismo - Wikipedia, la enciclopedia libre
es.wikipedia.org/wiki/Socialismo
El socialismo es el control por parte de la sociedad

CONVERSOR DE MOEDAS

Google tamén fai conversións de moedas, polo que podes converter moedas doutros países en euros; por exemplo: 20 libras en euros.

Google 20 libras en euros

Web Maps Imágenes Shopping Noticias Más Herramientas de búsqueda

Aproximadamente 3.470.000 resultados (0,50 segundos)

20 libras esterlinas británicas =
23,9161954 euros

Renuncia de responsabilidad - Más información

Convertidor de Libra esterlina británica Euro - Loobiz
es.loobiz.com/convertidor/libra-esterlina-britanica-euro
Convertor Libra esterlina británica Euro y cita histórica GBP (Reino Unido) EUR (Europa) ... Convertir 20 Libra esterlina británica en Euro = 14,499 EUR

Cambio de Libra esterlina (GBP) a Euro (EUR) - The Money ...
themonymoneyconverter.com/ES/GBP/EUR.aspx
1 GBP, € 1,20 EUR, £ 5 GBP, € 5,98 EUR, £ 10 GBP, € 11,95 EUR, £ 50 GBP, € 59,76 EUR, £ 100 GBP, € 119,51 EUR, £ 250 GBP, € 298,78 EUR, £ 500 GBP ...

Convertir 20 Libras esterlinas a Euros
www.comierto.com/20-libras-esterlinas-a-euros
Si quieres convertir 20 Libras esterlinas a EUR o saber cuanto son 20 Libras esterlinas en Euros puedes usar el siguiente convertor de Libras esterlinas a ...

Google España




BUSCAR SEN ESCRIBIR

Google permite que facer buscas sen escribir, chega con falarlle! Tes que clicar no micrófono que aparece a carón do cadro de busca, e abrírase unha opción que recolle as túas palabras para facer a busca, só precisas ter un micrófono conectado ó teu dispositivo ou ordenador.





BUSCA DE IMAXES

Google permite abrir unha ventá específica para buscar imaxes, tes que clicar na palabra "imaxes" que aparece na parte superior dereita, cabo dos puntíños que che dan acceso a aplicacións e sitios conectados con google, como Google+, YouTube, Google Maps e Google Drive.


Xa no buscador de imaxes, podemos teclear para facer a busca na barra, podemos **buscar por voz** clicando no micro como xa vimos, **abrir un teclado** na pantalla premendo na icona de "ferramentas de entrada" (como ves na imaxe do carón) ou facer unha busca a través dunha foto clicando na icona da máquina de fotos.



A **busca por imaxe** é unha oportunidade estupenda para identificar unha foto que teñamos e da que queiramos buscar información. Por exemplo, temos unha foto dunha fermosa muller da que sabemos que foi famosa pero non sabemos por que. Clicamos na icona da máquina (busca por imaxe) e ábrese un diálogo que nos permite arrastrar un enderezo web ou cargar unha imaxe que teñamos en arquivo.


No exemplo subimos unha imaxe que tiñamos en .jpg, dámoslle a buscar e o resultado dános datos da imaxe, quen é a persoa, enlaces con información e imaxes semellantes. Tamén funciona con buscas de edificios ou obras de arte.



Google muller.jpg x lauren bacall 📷 🗨 🗣 🔍

Web **Imaxes** Compras Maps Máis Ferramentas de busca

Aproximadamente 451 resultados (0,49 segundos)

 Tamaño da imaxe:
1252 x 1568

Buscar outros tamaños desta imaxe:
Todos os tamaños - Pequenas - Medio - Grande

Consulta máis probable: [lauren bacall](#)


Lauren Bacall - Wikipedia, a enciclopedia libre - Galipedia ✓
gl.wikipedia.org/wiki/Lauren_Bacall
Betty Joan Perske, máis coñecida como **Lauren Bacall**, nada na cidade de Nova York o 16 de setembro de 1924, é unha actriz do cinema clásico ...

Ficheiro:Lauren Bacall - YankArmyWeekly detail.jpg - Wikiped... ✓
gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Lauren_Bacall_-_YankArmyWeekly_detail.jpg

BUSCA AVANZADA

Cando xa temos o google cun resultado de busca (non na páxina principal) na parte superior dereita aparécenos unha icona cunha roda dentada, que permite abrir especificacións que lle queiramos engadir ó buscador ou á busca:

- ➔ **Configuración da busca:** cantos resultados queremos por páxina, que idioma queremos para o buscador, axuda de Google...
- ➔ **Idiomas:** idiomas para os produtos google, podes poñelos en galego, só tes que buscar na listaxe completa (lembra darlle a gardar para aplicar os cambios).
- ➔ **Activar SafeSearch:** activar unha busca segura, que non deixe rastro.
- ➔ **Busca avanzada:** mostra moitas opcións concretas para a busca. Xa vimos moitas delas tamén podes só buscar resultados nun país, tipo de ficheiro (qu .jpg, por exemplo), tamaño ou resolución de foto (as fotos para os traballos debería ser de menos 300x300ppp)...
- ➔ **Historial web:** ver o teu historial de uso.
- ➔ **Axuda sobre as buscas:** nin máis nin menos, é a axuda do buscador.



Busca avanzada

Buscar páxinas con:

todas estas palabras:

esta palabra ou frase exacta:

calquera destas palabras:

ningunha destas palabras:

números a partir de: a

Para facer isto na caixa de busca:

Escribe as palabras importantes: rat, tezzier, tricolor

Pon as palabras exactas entre comillas: "rat tezzier"

Escribe OR entre todas as palabras que desexas: miniatosa OR wstámdaz

Coloca un signo menos xusto antes das palabras que non desexas: -xowdaz, -"Jack Russell"

Coloca 2 puntos entre os números e engade unha unidade de medida: 10..38 kg, 300 €..600 €, 2010..2011

A continuación, limita os teus resultados por...

idioma: Busca páxinas no idioma que selecciones.

rexión: Busca páxinas publicadas nunha rexión en particular.

última actualización: Busca imaxes actualizadas durante o período de tempo que especifiques.

sitio ou dominio: Busca nun sitio (como wikipedia.org) ou limita os teus resultados a un dominio como .edu, .org ou .gov

termos que aparecen: Busca termos en toda a páxina, no título ou no enderezo web, ou ligazóns á páxina que estás a buscar.

SafeSearch: desactivado moderada estricta Indica SafeSearch o índice de contido sexual explícito que desexas filtrar.

tipo de ficheiro: Busca páxinas no formato que prefiras.

dereitos de uso: Busca páxinas que teñas liberdade para utilizar ti mesmo.

Tamén podes...

- Buscar lugares que sexan similares a un URL ou establezan unha ligazón a un URL
- Buscar páxinas que visitaches
- Usar operadores na caixa de busca
- Personalizar a túa configuración de busca

MÁS INFORMACIÓN

Biblioteca IES Lois Peña Novo

biblio.lpn@gmail.com

Telf. 982.51.09.51

<http://www.facebook.com/iesloispenanovo>



E lembra:

Ctrl+X = corta o texto seleccionado

Ctrl+C = copia o texto seleccionado

Ctrl+V = pega o texto seleccionado

Ctrl+E = selecciona todo o texto

